

Día Internacional dos Museos 2014

Do 12 ao 26 de maio



Entre coleccións. Cruzando miradas

As coleccións que albergan as institucións museísticas crean múltiples nexos sobre os que este ano reflexiona o Día Internacional dos Museos. Son estes vencellos os que fan dos museos espazos vivos nos que se producen relacións entre xeracións, entre culturas e mesmo entre expresións artísticas. Co gallo desta celebración propoñemos percorrer diferentes museos da cidade na procura de pezas que, por uns días, cambian de lugar. Así, o Museo do Pobo Galego, o CGAC, o Museo das Peregrinacións e de Santiago, o Museo Fundación Eugenio Granell, o MUPEGA e o Museo da Catedral, agochan nas súas salas obras que proveñen doutras coleccións. As lecturas, relecturas e interpretacións sobre estes obxectos permiten que cadaquén se apropie deles como queira, acto de deleite este que dá sentido á existencia dos museos. Esta mirada entrecruzada, este cambio de contexto, permite amosar outras interconexións que poñen en valor o patrimonio. Propoñémosche atopar esas pezas que cambiaron de lugar por uns días e crear para elas novos significados.

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO

Planetario, ca. 1880

Autor/fabricante: G. Thomas. París

Obra do MUPEGA

Trátase dunha orixinal peza propia da área de Cosmografía, que o alumnado dos centros de ensino secundario, xurdidos na España da segunda metade do século XIX, tiñan nos seus plans de estudos. Este antigo artefacto científico procede do IES Eusebio da Guarda (A Coruña, 1890) e consta dun globo de cristal sobre unha peaña de madeira que actúa de base e que ademais serve para agochar un sofisticado mecanismo de relojería que posibilita o movemento dos planetas arredor do Sol.

CGAC

David Teniers II, o Novo

Paisaxe con cazadores e peregrinos, 1650-1700. Obra do Museo das Peregrinacións e de Santiago

MUSEO DO POBO GALEGO

Eugenio Granell: *Caballo de la Edad de Hierro*, 1990. Obra do MUSEO FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL

MUSEO DA CATEDRAL

Espadeleiro, 1926. Obra do MUSEO DO POBO GALEGO

MUPEGA

Chema Alvargonzález: *Sen título*, 1996. Obra da Colección CGAC

MUSEO FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL

Liber Sancti Iacobi, s. XII. Obra do MUSEO DA CATEDRAL